



MEMORIA DECLARACIÓN

Artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE ARANGA PARA O FINANCIAMENTO DE MELLORAS NAS INSTALACIÓNS EXTERIORES DA CASA NIÑO E CASA DO MAIOR DO CONCELLO DE ARANGA

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

DECLARA:

Que este Consorcio ten previsto formalizar co Concello de Aranga o instrumento arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Aranga para o financiamento de melloras das instalacións exteriores da Casa Niño e Casa do Maior do Concello de Aranga, co fin de posibilitar unha mellor atención ás persoas que precisan destes servizos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

O Concello de Aranga, adherido ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por medio do convenio asinado con data do 2.9.2019, conta cunha Casa do Maior e cunha Casa Niño, que se atopan nun mesmo edificio de titularidade municipal, situado no lugar de Oroso, na parroquia de Vilarraso.

Xa que logo co fin de mellorar as instalacións exteriores da antedita Casa Niño e





Casa do Maior, resulta necesario o establecemento dunha zona de ocio e promoción da saúde, cos aparatos adecuados a cada un dos servizos pola idade dos beneficiarios. Todo isto redundará nunha mellor atención ás persoas usuarias destes servizos, ao crear un espazo de interacción entre as persoas maiores usuarias da Casa do Maior e os nenos e nenas usuarias da Casa Niño, beneficiosa para todos eles/as. Ao mesmo tempo, a devandita actuación permitirá a creación dun novo espazo público, necesario para que a poboación poida socializar e mellorar as súas competencias de comunicación e as relacións persoais, e para que poidan, tamén, desenvolver as súas capacidades a nivel físico e de mantemento do benestar e saúde corporal, no caso dos maiores, e que os máis novos poidan desenvolver as súas capacidades de socialización mediante os xogos, ampliando as capacidades necesarias para o seu desenvolvemento a nivel motor, cognitivo e sensorial.

Co fin mellorar as instalacións exteriores da antedita Casa Niño e Casa do Maior, creando unha zona de ocio e promoción da saúde, o Concello de Aranga solicitou a colaboración do Consorcio para o financiamento destas melloras. Todo isto, co fin posibilitar unha adecuada atención as persoas maiores usuarias, e os nenos e nenas usuarias dos ditos servizos.

Tendo en conta que o concello non dispón dos medios económicos necesarios para a realización das melloras nas instalacións exteriores da antedita Casa Niño e Casa do Maior, resulta necesario desenvolver a colaboración interadministrativa necesaria para o financiamento destas actuacións, posibilitando así unha mellor calidade na atención asistencial dos servizos públicos que se prestan no referido inmovble.

Considéranse polo tanto idóneo o financiamento desta actuación necesaria para a mellora dos inmobles nos termos expostos, co fin de acadar unha mellor atención ás persoas usuarias, prestando un servizo público de calidade a través da Casa do Maior e da Casa Niño do Concello de Aranga, para o cal é necesario unir e coordinar os esforzos e recursos de ambas as dúas administracións.





Por todo o exposto, existe un evidente interese público de colaborar no desenvolvemento da actuación descrita, considerando o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que a necesidade desta actuación e o interese común de posibilitar a realización das melloras nas instalacións exteriores da antedita Casa Niño e Casa do Maior, xustifica a utilización do instrumento convencional para o financiamento das actuacións descritas, baseándose no disposto nos artigos 19.4 e 26º.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O convenio de colaboración terá data de vixencia dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2023, sen prexuízo de que as actuacións obxecto de financiamento do convenio sexan as executadas a partir do 1 de xaneiro de 2023. Neste sentido, a extensión da posibilidade de financiamento ao abeiro do convenio das actuacións executadas a partir do 1 de xaneiro de 2023 considérase axeitada e fundamentada legalmente, segundo o disposto no artigo 39 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que establece *"excepcionalmente poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando se diten en substitución de actos anulados, así com cando produzan efectos favorables para o interesado, sempre que os supostos de feito necesarios existiran na data á que se retrotraia a eficacia do acto e esta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas"*.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar achegará ao Concello de Aranga para a realización das actuacións descritas un importe máximo de 39.900 euros, con cargo á partida 13.90.311A.7600 dos orzamentos do Consorcio para o ano 2023.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento





Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Perfecto Rodríguez Muíños

